



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Pontevedra (A Coruña)

RESOLUCIÓN DE LA ALCALDÍA

PLAN DE EMPREGO SOCIAL 2020-2021

Logo de ver a proposta da concelleira delegada de servizos sociais, e dada a situación laboral da poboación de Pontevedra cunha gran incidencia de desemprego no colectivo de mulleres e mozas menores de 30 anos, así como outras persoas en risco de exclusión social ou outras situacións que impiden ou menoscaban o acceso ao emprego, tendo en conta a situación actual agravada pola incidencia do COVID 19, e sendo preciso acometer distintos traballos de competencia municipal, limpeza de camiños e vías públicas municipais con carácter urxente para o que non se conta con suficiente persoal municipal que poidan prestar este servizo, e que no orzamento municipal figura crédito suficiente para levar a cabo a contratación de 10 operarios de limpeza e outros labores afíns.

Logo de ver a providencia desta alcaldía de data 05-10-2020, na que se ordena a emisión dun informe-proposta de bases reguladoras e se xustifica a necesidade deste Concello, de contratar a 10 desempregado/as de longa duración que presten os seus servizos nas seguintes ocupacións:

- 10 OPERARIOS DE SERVICIOS MÚLTIPLES.

Así como poder contar coa bolsa de emprego para substitucións, baixas ou necesidades sobrevidas nos servizos municipais.

Logo de ver a xustificación da urxencia por esta Alcaldía, baseada no estado actual das vías públicas, accesos aos núcleos de poboación e estado das instalacións municipais, competencias propias, consonte ao establecido no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local: manter en óptimas condicións as vías públicas municipais e os accesos aos núcleos de pobo. Tendo en conta ademais a situación económica que estamos a padecer pola incidencia do COVID 19, causante dun aumento das cifras de desemprego, situacións de risco social e a incerteza a curto prazo da evolución da pandemia cos rebotes que se están a producir no país, é preciso efectuar a contratación de 10 operarios de servizos múltiples (peóns), cos fins de paliar as situacións de desemprego no Concello de Pontevedra en colectivos desfavorecidos e en risco de exclusión social e de executar os seguintes traballos definidos como servizos mínimos obrigatorios polo artigo 26.1, apartados a) e b), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, manter en óptimas condicións as estradas municipais, o servizo de limpeza viaria, tarefas de roza, mantemento e acondicionamento de instalacións municipais e dar cumprimento ao establecido nas sucesivas disposicións legais que están a rexer a situación orixinada pola pandemia e así tratar de paliar as situacións de desemprego no Concello de Pontevedra en colectivos desfavorecidos e co risco de exclusión social. En canto ao sistema selectivo, concurso cunha proba práctica que demostre a capacidade e a adecuación ao posto de traballo dos aspirantes, o artigo 61.7 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece: "7. Os sistemas selectivos de persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior, ou concurso de valoración de méritos." Igualmente o art. 57.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia contempla como sistema de selección para o sobredito persoal o concurso de valoración de méritos. Polo que si para o persoal laboral fixo a precitada norma básica, e igual a autonómica, establece a posibilidade de selección mediante o concurso de valoración de méritos, para o persoal laboral de natureza temporal poderíase empregar o mesmo sistema de selección prescindindo da fase oposición, e tendo en conta que o que se pretende é o cumprimento dos dous fins, necesidade de limpeza das vías públicas municipais e dos accesos aos núcleos de poboación, competencia propia municipal, e por outra parte reactivar a situación socio-económica en colectivos desfavorecidos, que sufren os efectos directos da pandemia provocada polo COVID 19 mediante a participación de persoas desempregadas, a criterio desta alcaldía xustifícase plenamente a elección do sistema de selección.

Logo de ver o informe-proposta de bases do T.A. X.- Coordinador Xeral, certificado de existencia de crédito, retención de crédito e o informe de fiscalización da Interventora municipal.

En uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1. g.) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladoras da Base de Réxime Local, na súa nova redacción, dada por apartado 1 do artigo primeiro da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local,



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases que han de rexer o procedemento selectivo que serán as seguintes:

“BASES REGULADORAS PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL, PLAN DE EMPREGO SOCIAL 2020-2021, CON CARÁCTER TEMPORAL, DE PERSOAS DESEMPREGADAS MENORES DE 30 ANOS OU MAIORES DE 50 ANOS, ASÍ COMO OUTRAS EN SITUACIÓNS DE DESEMPREGO OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL.

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Atendendo ás estratexias de emprego deste Concello de Ponteceso, e tendo en conta a situación socio laboral deste concello, segundo o informe que obra no expediente, e a incidencia do COVID 19 neste concello, que levou á adopción de medidas extraordinarias pola Xunta de Galicia, o obxecto da presente convocatoria é a provisión de 10 postos de traballo, mediante a contratación a tempo completo, baixo a modalidade contractual laboral temporal, contrato por obra ou servizo determinado de interese social, por un período máximo de 6 meses, de persoas desempregadas menores de 30 anos, maiores de 50 anos, mulleres ou en situación ou en risco de exclusión social.

O cometido dos traballadores será a limpeza, e pequenos traballos de mantemento de vías públicas municipais e camiños de acceso aos núcleos de poboación, traballos de roza e mantemento de instalacións municipais no Concello de Ponteceso, competencia propia segundo o establecido no artigo 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.

As prazas e número de postos de traballo ofertados, serán os que se especifican a continuación:

- 10 Operarios de Servizos Múltiples: 6 meses, a xornada completa.

SEGUNDA: RETRIBUCIÓNS E DISTRIBUCIÓN HORARIA.

As retribucións para percibir serán as correspondentes ao Salario Mínimo Interprofesional vixente en 2020, (950 euros mensuais + prorrata pagas extraordinarias 158,33 euros= 1.108,33 euros mensuais). A xornada de traballo será a tempo completo. A xornada de traballo prestarase conforme a organización do servizo onde se sitúe o posto de traballo, de acordo coas disposicións que para o efecto se establezan pola alcaldía ou, no seu caso, polo concelleiro delegado do servizo ao que se adscriban os/ as traballadores/as.

De conformidade co disposto no art. 77 do RDL 5/2015, TREBEB, o persoal laboral clasificarase de conformidade coa lexislación laboral, sendo a mesma de operario de servizos xerais, sen titulación mínima, asimilado a Peón, grupo 10 de cotización á seguridade social.

TERCEIRA: REQUISITOS DOS ASPIRANTES:

De conformidade co disposto na Disposición Adicional 6ª do RDL 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público non se esixe como requisito titulación mínima.

Deberanse cumprir os seguintes requisitos:

1.- Deberán ter a condición de desempregados demandantes de emprego á finalización do prazo sinalado para a presentación das solicitudes, e en caso de ser seleccionados, tamén á data de contratación.

2.- Non ser beneficiarias nin receptoras de prestación contributiva por desemprego a data de cumprimento de requisitos.

3.- As rendas ou ingresos de calquera natureza da unidade familiar de convivencia non deben superar os seguintes límites en computo anual:

3.1 A contía do Salario Mínimo Interprofesional vixente no ano da convocatoria se a persoa solicitante é a única que integra a unidade familiar de convivencia. Para 2020 dita contía é de 13.300 euros en computo anual

3.2 Dita contía incrementada nun 8 % por cada membro adicional da unidade familiar, ata unha máximo de 1,5 veces o SMI de referencia.

4. Ter nacionalidade española ou reunir os requisitos esixidos no art. 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

5. Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade mínima de xubilación forzosa.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
 15110 Ponteceso (A Coruña)

6. *Non padecer enfermidade ou estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible, impida ou menoscabe o normal desempeño das funcións propias do posto de traballo.*
7. *Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo en calquera Administración nin acharse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.*
8. *Só poderá admitirse unha solicitude por unidade familiar. Se se presentase máis dunha, será admitida a primeira que se rexistre no Concello. Os requisitos sinalados entenderanse cumpridos á finalización do prazo sinalado para a presentación das solicitudes polas persoas destinatarias a excepción do requisito de estar en situación de desemprego, que será avaliado tamén á data de contratación.*
9. *Deberán acreditar o coñecemento da lingua galega por medio da presentación do certificado acreditativo de ter o CELGA 1 ou equivalente. Os candidatos que non o acrediten deberán realizar unha proba práctica de coñecemento da lingua galega, consonte ao establecido no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.*

CUARTA: PUBLICACIÓN DA BASES.

A convocatoria será exposta no taboleiro de anuncios do Concello, nun diario de difusión rexional e na páxina web do Concello.

QUINTA: SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que se acompaña ao final destas bases, (Anexo I), no rexistro xeral de entrada do Concello de Ponteceso, acompañadas da documentación que se especifica a continuación:

- *Copia do DNI da solicitante*
- *Copia do Libro de familia.*
- *Certificado de Convivencia ou Informe de Vida Laboral emitido pola TGSS do solicitante e de todos os membros da Unidade Familiar maiores de 16 anos. A data de expedición deberá ser recente, como máximo de 15 días anteriores á data da presente convocatoria.*
- *Certificado do Servizo de Emprego Público Estatal de percibir ou non prestacións ou subsidios por desemprego, ou calquera outro tipo de axuda, do solicitante e de todos os membros da Unidade Familiar maiores de 16 anos ou Certificado da Seguridade Social de percibir ou non prestacións contributivas ou non contributivas, pensións ou calquera tipo de subsidio ou axuda, do solicitante e de todos os membros da Unidade Familiar..*
- *Outra documentación para presentar para a valoración de criterios de priorización: No suposto de solicitantes con discapacidade, a condición de que non sexa superior ao 33 por cento e non menoscabe a capacidade funcional para o posto de trabalo ao que opta, certificado de discapacidade do solicitante emitido polo organismo correspondente da Xunta de Galicia; ou certificado de Grao de Dependencia do solicitante; ou documentación que acredita a condición de vítima de violencia de xénero (mediante sentenza firme ou medida cautelar en vigor); Documentación que acredite problemas de saúde do solicitante pero que non menoscaben a capacidade funcional para o posto de traballo ao que opta; Documentación que acredite a condición de familia numerosa en vigor ou aquela que acredite ser familia monoparental ou, no seu caso, resolución de Renda básica de Inserción ou solicitante con proposta favorable por parte do servizo oficial correspondente.*
- *Fotocopia que acredite estar en posesión da correspondente titulación académica e, no seu caso, carné de conducir.*
- *Calquera outra documentación que acredite os criterios de priorización establecidos na Base Oitava.*

Os servizos sociais municipais, previa cita, prestarán a axuda e apoio necesario aos solicitantes para poder presentar a documentación requirida xunto coa solicitude.

En todo caso, a Comisión de Selección será a encargada de dar validez á documentación presentada e terá potestade para admitila ou non para a súa valoración. A Comisión de Selección poderá solicitar de oficio a documentación necesaria que obre en poder deste Concello.

As fotocopias non é necesario que se presenten compulsadas. Só se esixirá ás persoas seleccionadas a presentación dos orixinais para a compulsas das copias correspondentes.


CONCELLO DE PONTECESO

 Rúa Concello, 18
 15110 Ponteceso (A Coruña)

O prazo de presentación polos candidatos/ as da solicitude e da documentación que se indica, será de 15 días naturais a partir do día seguinte ao da aprobación e publicación da presente convocatoria. Os documentos que deban solicitarse a outras entidades/organismos e non poidan presentarse xunto coa solicitude, poderán presentarse ata o día antes da baremación, facendo constar dita circunstancia na solicitude.

A falsidade nalgún dato na documentación achegada polo/a solicitante, ou a omisión dos mesmos, supoñerá a exclusión do/da mesmo/a de o presente proceso selectivo.

SIXTA.- ÓRGANO DE SELECCIÓN.

Órgano de Selección conformarao unha Comisión de Selección, cuxa composición estará ao disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Terá a seguinte composición:

- Presidente: Un funcionario de carreira ao servizo do Concello de Ponteceso.
- Vogais: Tres funcionarios de carreira ao servizo do Concello de Ponteceso.
- Secretario: Un funcionario de carreira ao servizo do Concello de Ponteceso.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Os membros da Comisión de Selección poderán contar coa presenza de asesores, con voz pero sen voto, nas reunións que se celebren. O órgano de selección será colexiado e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros. A pertenza ao devandito órgano de selección será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A Comisión de Selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, sendo sempre necesaria a presenza do Presidente e do Secretario. A Comisión de Selección resolverá por maioría de votos dos membros presentes todas as dúbidas que xurdan da aplicación das normas contidas nestas bases e determinará a actuación nos casos non previstos.

Os membros da Comisión de Selección deberán absterse de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante. Os aspirantes poderán recusalos conforme establece o artigo 24 do citado corpo legal.

Os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións da comisión de valoración, estarán clasificados na categoría que establece o Anexo IV do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

SÉTIMA.- ADMISIÓN E EXCLUSIÓN DE ASPIRANTES

Entenderanse admitidos ao proceso selectivo aqueles aspirantes que cumpran os requisitos establecidos na Base Terceira, e presentasen a solicitude e documentación requirida no prazo establecido. Finalizado o prazo de presentación das solicitudes e da documentación requirida publicarase a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo da exclusión. O prazo de corrección, se esta fose posible, será de 2 días hábiles. Transcorrido ese prazo sen efectuala, terase á persoa interesada por desistida da súa petición. Finalizado o prazo de corrección, publicarase a lista das persoas admitidas para a valoración, ponderación e baremación da súa solicitude, No suposto de non presentarse alegacións contra a listaxe provisional, pasará automaticamente a definitiva.

OITAVA: SELECCIÓN DOS CANDIDATOS.

A selección dos candidatos admitidos realizarase mediante concurso, atendendo á situación socioeconómica e aos méritos alegados, e á adecuación ao posto de cada un dos candidatos, valorando e ponderando os seguintes aspectos:

1. Menores ingresos familiares e maiores responsabilidades familiares.
2. Circunstancias persoais e sociais que afecten á empregabilidade da persoa desempregada, consonte aos criterios de priorización para a selección.



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

3. Tempo en situación legal de desemprego

4. As responsabilidades familiares determinaranse polo cociente entre os ingresos familiares netos e o número de membros da unidade familiar.

PROBA PRÁCTICA

Para garantir a capacidade e a adecuación ao posto de traballo os candidatos realizarán un pequena proba práctica, que consistirá no uso de material/maquinaria que terán que empregar no seu traballo, material de limpeza, rozadora, etc. A cualificación outorgada será de APTO ou NON APTO, quedando excluídos do proceso os aspirantes que non acade a cualificación de apto. Para a realización desta proba a Comisión de Selección poderá solicitar a colaboración de persoal experto na materia, o cal asesorará e elevará a cualificación outorgada a cada aspirante.

COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

En cumprimento do establecido no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, realizarase unha proba de coñecemento de lingua galega aos candidatos que non acreditan estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente, e consistirá na tradución do galego ao castelán, ou inversa, dun texto facilitado sinxelo determinado e facilitado pola Comisión de Valoración, a súa cualificación será de APTO ou NON APTO, quedando excluídos do proceso os aspirantes que non acaden a cualificación de apto.

Para a valoración e ponderación do concurso teranse en conta os seguintes criterios de priorización coa puntuación que para cada un deles establécese:

CRITERIOS DE PRIORIZACIÓN, VALORACIÓN DE MÉRITOS, PARA A SELECCIÓN (PUNTUACIÓN MÁXIMA 70 PUNTOS)

A) Tempo en desemprego. Puntuación máxima 13 puntos.

Valorarase con 13 puntos cando o solicitante sexa menor de 30 anos e atópese en procura de primeiro emprego, ou cando sexa muller e a súa vida laboral non acredite un período de cotización superior a 24 meses, estando en condición de desempregada á data de fin de período de solicitude.

Cando o solicitante sexa muller ou teña máis de 50 anos e leve 12 meses en desemprego valorarase con 8 puntos e incrementarase por cada mes con 0,10 puntos.

Cando o solicitante leve 12 meses en desemprego valorarase con 6 puntos e incrementarase por cada mes con 0,10 puntos.

Cando o solicitante non alcance 12 meses na situación de desemprego valorarase con 0,10 puntos por cada mes na devandita situación.

B) Ingresos económicos e responsabilidades familiares. Puntuación máxima 13 puntos.

Valoraranse os ingresos familiares en función do SMI mensual, 950 euros, ou anual 13.300,00€, 14 pagas. Terase en conta a suma dos ingresos netos obtidos nos últimos 12 meses de toda a unidade familiar dividido polo número de membros e por 12.

Desde 0,00€ a 150,99€ _____ 13 puntos.

Desde 151€ a 300,99€ _____ 11 puntos.

Desde 301€ a 450,99€ _____ 8 puntos.

Desde 451€ a 600,99€ _____ 4 puntos.

Desde 601€ a 750,99€ _____ 2 puntos.

Desde 751€ a 950,00€ _____ 1 puntos.

A partir de 950,00€ _____ 0 puntos.

C) Perceptor de Renda básica de Inserción ou solicitante con proposta/resolución favorable por parte do servizo oficial correspondente: 6 puntos.

D) Circunstancias persoais, sociais e/ou económicas dos desempregados: Solicitante con problemas de saúde, dependencia e/ou discapacidade, que non menoscabe a súa capacidade funcional para o posto de traballo ao que opta (acreditado mediante informe médico): 5 puntos.



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

E) Solicitante co seguinte perfil: vítima de violencia de xénero, familia numerosa ou familia monoparental (non son acumulables entre si): 6 puntos

F) Familias con fillos a cargo menores de 18 anos e que non perciban ingresos: 6 puntos máximo.

1 fillo _____ 2 puntos

2 fillos _____ 4 puntos

3 ou máis fillos ____ 6 puntos

G) Adecuación ao posto de traballo. Máximo 6 puntos.

Ter permiso de conducir: 2 puntos.

Estar en posesión do Graduado Escolar ou Grao en ESO ou equivalente: 4 puntos.

Estar en posesión do Certificado de Escolaridade ou Estudos Primarios: 2 puntos.

H) Patrimonio: Carecer de bens inmobles de natureza rústica e urbana (excepto a vivenda habitual): 5 puntos

I)Empadramento: Máximo 10 puntos.

Por estar empadroado no Concello de Ponteceso con unha antigüidade maior de 12 meses: 10 puntos.

Por estar empadroado no Concello de Ponteceso con unha antigüidade de 6 a 12 meses: 5 puntos.

Por estar empadroado no Concello de Ponteceso con unha antigüidade menor de 6 meses: 3 puntos.

Para a valoración destes criterios de priorización terase en conta a documentación achegada coa solicitude, agás o empadramento que se realizará de oficio polo concello

Para a valoración destes criterios de priorización terase en conta a documentación achegada coa solicitude. A Comisión de Selección, unha vez valorados os ditos criterios de conforme ao baremo fixado, determinará a orde definitiva de aspirantes en función da puntuación obtida no total do baremo de criterios de priorización, ordenando aos candidatos segundo a devandita puntuación de maior a menor. Serán seleccionados e contratados o aspirante ou os aspirantes seguindo a orde fixada pola Comisión de Selección, ata cubrir os postos ofertados.

En caso de empate resolverase por sorteo.

Tras o proceso selectivo a Comisión de Selección publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal a relación de aspirantes seleccionados por orde fixada, e elevará ao Alcalde a proposta de contratación a favor dos aspirantes seleccionados por orde decrecente, sen que estes poidan superar o número de prazas convocadas.

O resultado farase público nos Taboleiros de Anuncio do Concello de Ponteceso e na sede electrónica municipal, contando cun período de 2 días a efectos de presentación de reclamacións.

Unha vez cumprido o requisito anterior, polo Sr. Alcalde-Presidente ditarase resolución para a formalización do correspondente contrato.

Os aspirantes propostos achegarán ao Concello a documentación necesaria para a formalización do contrato e alta na Seguridade Social no prazo máximo de tres días naturais, contados a partir da publicación da bolsa de emprego. A non presentación do interesado ou da documentación requirida, no prazo máximo, dará lugar á exclusión do mesmo, en favor dos aspirantes propostos pola Comisión na formación da Bolsa de Traballo regulada na Base seguinte. Este Concello resérvase o dereito para realizar as investigacións que estime oportunas para comprobar a veracidade do exposto na documentación presentada polos aspirantes, e en caso de falsidade ou omisión producirase a exclusión do candidato do proceso selectivo, e, no seu caso, da contratación.

NOVENA: BOLSA DE TRABAJO.

Unha vez realizada a selección dos 10 operarios de sérvizos múltiples, os aspirantes non contratados, que cumpran todos os requisitos, quedarán nunha lista de espera, coa que se constituirá unha Bolsa de Traballo, para, se así o considera oportuno o Concello, cubrir futuras substitucións de baixas por enfermidade, accidentes, maternidades, paternidades ou baixas definitivas por renuncia ou despedimento, así como necesidades excepcionais que poidan xurdir durante a súa vixencia.



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

A bolsa de traballo estará formada por todos os aspirantes non contratados ordenados segundo a puntuación obtida de forma decrecente.

Esta Bolsa de Traballo, estará vixente mentres dure o Plan de Emprego Social de 2020-2021, prorrogable de ser o caso, e sempre co límite máximo de duración de cada contrato de 6 meses. Os candidatos serán chamados en orde ao seu posto na lista.

No suposto de substitucións por baixas ou outros motivos a duración do contrato do traballador substituto poderá ser como máximo polo tempo que reste ata a finalización do contrato do traballador substituído. Unha vez finalizado o contrato do traballador substituto pola incorporación do traballador substituído, este volverá integrarse na bolsa de emprego para futura substitucións, pasando a ocupar o último posto na bolsa de emprego.

No caso de ser prorrogado o Plan de Emprego Social de 2020-2021 os traballadores inicialmente contratados incorporaranse á bolsa de emprego nos postos que lle correspondan a continuación dos que figuren na mesma.

DÉCIMA: RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES.

Os/ as aspirantes que resulten nomeados/ as para estas prazas quedarán sometidos desde o momento da súa contratación, ao réxime de incompatibilidades vixente. Con todo, os aspirantes que obteñan praza nesta convocatoria e teñan algún tipo de incompatibilidade, de conformidade coa lexislación laboral vixente, en base a contratos anteriores, perderán todos os seus dereitos.

UNDÉCIMA: INCIDENCIAS

A Comisión de Selección queda facultada para resolver as dúbidas que poidan presentarse durante a valoración, baremación, e a selección e adoptar resolucións, criterios ou medidas necesarias para o bo desenvolvemento do proceso selectivo naqueles aspectos non previstos por estas bases.

DUODÉCIMA: IMPUGNACIÓN.

As presentes bases, a convocatoria e cantos actos de deriven dos mesmos, así como da actuación da Comisión de Selección, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e formas establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No non previsto nestas bases estarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Cangas, onde as persoas aspirantes poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación e cancelación. Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto. Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición na páxina web municipal e no taboleiro municipal (físico e electrónico), a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

ANEXO I- INSTANCIA DE SOLICITUDE SELECCIÓN PLAN EMPREGO SOCIAL 2020-2021



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Don/Dona _____, con D.N.I. número _____,
domicilio en _____ número _____,
de _____, e teléfono número _____:

EX PÓN:

PRIMEIRO: Que tivo coñecemento das bases para a selección de desempregados para o posto de OPERARIO DE SERVIZOS MULTIPLES, con cargo ao Plan de Emprego Social de 2020-2021 do Concello de Ponteceso.

SEGUNDO: Que está interesado/a en participar no proceso selectivo, e que cumpre os requisitos esixidos na base terceira da convocatoria e adxunta a seguinte documentación (sinalar cunha X):

- Copia do DNI do solicitante e Copia do Libro de familia.
- Certificado de Convivencia Informe de Vida Laboral emitido pola TGSS do solicitante e de todos os membros da Unidade Familiar maiores de 16 anos. A data de expedición deberá ser recente, como máximo de 15 días anteriores á data da convocatoria. Os traballadores do Réxime Especial Agrario da Seguridade Social por conta allea deberán presentar certificado de vida laboral no que consten as xornadas realmente traballadas no período de referencia
- Declaración xurada de bens e ingresos, segundo modelo do anexo II Ingreso dos últimos 12 meses (de xaneiro do 2019 a decembro de 2019) do solicitante e de todos os membros da Unidade Familiar (nóminas, documentos bancarios, certificados do INSS, SEPE, etc.)
- Certificado do Servizo Público de Emprego Estatal de percibir ou non prestacións ou subsidios por desemprego, ou calquera outro tipo de axuda, do solicitante e de todos os membros da Unidade Familiar maiores de 16 anos.
- Certificado da Seguridade Social de percibir ou non prestacións contributivas ou non contributivas, pensións ou calquera tipo de subsidio ou axuda, do solicitante e de todos os membros da Unidade Familiar.
- Outra documentación para presentar para a valoración de criterios de priorización:
- Certificado de Discapacidade emitido pola Xunta de Galicia, do solicitante ou, no seu caso, certificado médico que acredite o seu estado de saúde e que non resultante.
- Certificado de Grao de Dependencia emitido pola Xunta de Galicia, do solicitante.
- Resolución de aprobación de Renda Básica de Inserción ou Solicitud de Renda Básica de Inserción, do solicitante.
- Documentación que acredite a condición de vítima de violencia de xénero (mediante sentenza firme ou medida cautelar en vigor).
- Documentación que acredite a condición de familia numerosa en vigor.
- Declaración que acredite que o solicitante posúe as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas problemas de saúde do solicitante pero que non menoscaben a capacidade funcional do solicitante para o posto de traballo ao que opta.
- Sentenza firme que acredite ser familia monoparental.
- Fotocopia do permiso de conducir.
- Fotocopia de titulación académica.
- Calquera outra documentación acredítese os criterios de priorización establecidos na Base Oitava:

.....
* NOTA: MARQUE NA MARXE CUNHA X A DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑAN.

S O L I C I T A: Ser admitido/a en o devandito proceso selectivo.

Ponteceso, a ____ de _____ de 2020

Asdo.: _____

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE PONTECESO

ANEXO II- PLAN EMPREGO SOCIAL 2020- 2021- DECLARACIÓN XURADA



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Pontevedra (A Coruña)

Don/Dona _____, con D.N.I. número _____,
domicilio en _____, número _____,
de _____, e teléfono número _____:

DECLARA

1º.- Que é titular dos seguintes bens:

Ref. Catastral: _____	Valor catastral: _____
Ref. Catastral: _____	Valor catastral: _____
Ref. Catastral: _____	Valor catastral: _____
Ref. Catastral: _____	Valor catastral: _____

2º.- Que no período do 1 de xaneiro de 2019 ao 31 de decembro de 2019 foi titular dos seguintes ingresos:

Pagador: _____	Importe bruto _____	Importe líquido _____
Pagador: _____	Importe bruto _____	Importe líquido _____
Pagador: _____	Importe bruto _____	Importe líquido _____
Pagador: _____	Importe bruto _____	Importe líquido _____

3º.- Que no mesmo período os ingresos brutos da unidade familiar á que pertenzo foron os seguintes:
Importe bruto _____ Número de membros _____ Ingresos per cápita _____

(Os ingresos xustificaranse mediante a achega de nóminas, ou documentos bancarios, ou certificados do INSS, SEPE ou organismo pagador)

Para que conste, para os efectos da súa xustificación na solicitude de aspirante ás prazas de traballo temporal do Plan de Emprego Social 2020-2021 do Concello de Pontevedra.

Pontevedra, _____ de _____ de 2020 .

Asinado:

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE PONTECESO.

ANEXO III- PLAN EMPREGO SOCIAL 2020- 2021

Don/Dona _____, con D.N.I. número _____,
domicilio en _____, número _____,
de _____, e teléfono número _____:

DECLARA

A) Non ter sido despedido/despedita mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría á cal se pertencía. No caso de



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida no estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

- B) *Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.*

Aos efectos de xuntar á solicitude de participación e selección no Plan de Emprego Social 2020-2021 do Concello de Ponteceso.

Ponteceso, _____ de _____ de 2020 .

Asinado:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE PONTECESO”

SEGUNDO.- Publicar o anuncio da convocatoria nun dos diarios de maior difusión rexional, e as bases íntegras no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal, para que no prazo de quince días naturais, contados desde o seguinte á súa publicación, os interesados poidan presentar as súas solicitudes.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre, para o seu coñecemento e efectos.

Documento asinado electrónicamente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Lois García Carballido, ante min, a secretaria, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde

A secretaria

Xosé Lois García Carballido

Antía Pena Dorado